MEMORIA 2025

ACTIVIDADES

acem

ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE PÁRKINSON, ELA E OUTRAS

30 anos

ÍNDICE

ACEM__3

O CENTRO DE REHABILITACIÓN INTEGRAL__4

DATOS 2025__5

BALANCE 2020-2025__7

EQUIPO__9

ACTIVIDADE SOCIOSANITARIA__10

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS__20

PROXECTO REHABILIT-ARTE__21

ACTIVIDADE DIVULGATIVA__22

PREMIOS__24

EVENTOS__25

ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN__27

CELEBRACIÓNS EN ACEM__33

ENTIDADE BENEFICIARIA__35

ACEM NOS MEDIOS_38

REXISTROS__40

FORMAMOS PARTE DE__41

COLABORAN_42

ATÓPANOS__ 43

ACEM

A ***Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Párkinson, ELA, outras enfermidades neurodexenerativas e enfermidades raras*** (ACEM) é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 1995 co fin de contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por estas enfermidades neurodexenerativas.

Levamos a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a situación das persoas afectadas por estas enfermidades e a das súas familias, a través da prestación de servizos sociosanitarios, da sensibilización social e da defensa dos seus dereitos.

O **ámbito de actuación** de ACEM son as provincias de A Coruña e Pontevedra; concellos e comarcas incluídas dentro do ámbito de atención xeográfico, clínico e administrativo do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

No ano 2007 ACEM foi recoñecida como entidade de **Utilidade Pública**.

CENTRO DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

ACEM desenvolve a actividade sociosanitaria no seu Centro de Rehabilitación Integral, onde leva a cabo un **Programa de Atención Integral Interdisciplinar.**

O centro está **declarado de Interese e Utilidade municipal**.

DATOS ACEM 2025

448 PERSOAS SOCIAS

348 PERSOAS AFECTADAS

233 con **ESCLEROSE MÚLTIPLE**

93 con **PÁRKINSON**

10 con **ELA**

12 **OUTRAS PATOLOXÍAS**

PERSOAS USUARIAS

FISIOTERAPIA
155

LOGOPEDIA
77

PSICOLOXÍA
91

TERAPIA OCUPACIONAL
42

PREPARACIÓN FÍSICA
53

TRABALLO SOCIAL
300

DIETÉTICA E NUTRICIÓN
54

EDUCACIÓN SOCIAL
27

ASESORAM. XURÍDICO
75

BALANCE DOS ÚLTIMOS 5 ANOS

Nos últimos 6 anos ACEM duplica practicamente o número de persoas usuarias, pasando de 250 en 2019 a 448 en 2025.

EVOLUCIÓN NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIOSANITARIOS



O mesmo sucede cos servizos sociosanitarios, que se foron diversificando e ampliando segundo a necesidade.

Así, dende 2020 vanse incorporando **novos servizos** ao programa de atención integral:

- Preparación física
- Dietética e nutrición
- Educación e integración social
- Asistencia e asesoramento xurídico

Ademais, os servizos máis demandados precisan **novo persoal** para dar unha resposta axeitada ao **incremento de persoas usuarias**: Fisioterapia vai camiño a incorporar ao cuarto profesional, e logopedia conta con xa dúas profesionais.

Actualmente o equipo de ACEM está conformado por 15 profesionais.

EQUIPO 2025

DIRECCIÓN

ADMINISTRACIÓN

FISIOTERAPIA

LOGOPEDIA

TRABALLO SOCIAL

FISIOTERAPIA

FISIOTERAPIA

TERAPIA OCUPACIONAL

DIETÉTICA E NUTRICIÓN

PSICOLOXÍA

LOGOPEDIA

PREPARACIÓN FÍSICA

EDUCACIÓN SOCIAL

COMUNICACIÓN

ACTIVIDADE SOCIOSANITARIA

No 2025 continuamos co noso programa de rehabilitación integral grazas a un equipo interdisciplinar formado por doce profesionais sociosanitarios que prestan os servizos de:

TERAPIA OCUPACIONAL

FISIOTERAPIA

EDUCACIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL

LOGOPEDIA

ATENCIÓN PSICOLÓXICA

PREPARACIÓN FÍSICA

ASESORAMENTO XURÍDICO

TRABALLO SOCIAL

DIETÉTICA E NUTRICIÓN

FISIOTERAPIA

O servizo fai especial fincapé na prevención, prognóstico e tratamento dos déficits presentados nas persoas afectadas como resultado do padecemento da súa enfermidade. A intervención ten o obxectivo de axudar á persoa doente a recuperar e/ou manter o máximo nivel posible de funcionalidade e independencia e de mellorar a súa calidade de vida en xeral.

En 2025 o servizo foi ofrecido por tres profesionais e tivo **155** persoas usuarias de forma continuada.

Permite avaliar, impedir, corrixir, aliviar e limitar ou diminuír a incapacidade física, alteracións do movemento, funcionalidade e postura, así como a dor que se derive dos desordes conxénitos e de condicións do envellecemento, lesión ou enfermidade.

TERAPIA OCUPACIONAL

O obxectivo principal desta terapia é manter a máxima capacidade funcional das persoas usuarias, abordando con cada unha os obxectivos máis concretos en función das súas características, como poden ser a adaptación de tarefas cotiás e o ambiente para lograr unha máxima autonomía e calidade de vida, reeducar a sensibilidade, tanto superficial como a profunda, así como a marcha e guiar na elección de produtos de apoio.

En 2025 fixeron uso deste servizo 42 persoas.

PREPARACIÓN FÍSICA

O servizo abarca o proceso de mellora da condición física mediante a instrución individualizada ou en grupos pequenos e o acompañamento do usuario durante as sesións de exercicio. Busca adquirir ou consolidar unha rutina de exercicio físico regular e/ou gañar masa muscular, entre outros.

Durante o 2025, **53** persoas beneficiáronse desta actividade.

ATENCIÓN PSICOLÓXICA

En 2025 foron **91** as persoas beneficiadas por este servizo.

Trátase de intervención psicolóxica para persoas afectadas de esclerose múltiple, párkinson, ELA e outras enfermidades afíns, e para a familia cando é preciso.

O obxectivo é facilitar unha maior aceptación da enfermidade e dos seus síntomas, así como da discapacidade e a dependencia vinculados á mesma.

A intervención, de carácter cognitivo-conductual, levouse a cabo a través de sesións individuais e, nalgunhas ocasións, coa participación dalgúns familiares.

LOGOPEDIA

A logopedia ocúpase da prevención, avaliación, diagnóstico, rehabilitación e tratamento das dificultades relacionadas coa voz, a fala, a linguaxe, a audición, a comunicación, a deglutición así como o funcionamento de toda a musculatura facial e todo o que sexa preciso para que estas habilidades teñan bo un funcionamento. Deste xeito, mediante diferentes métodos e exercicios inténtase restaurar as funcións cognitivas, lingüísticas e musculares perdidas ou deterioradas.

A intervención desenvólvese a partir de tres terapias diferenciadas: miofuncional, vocal e cognitiva.

A **terapia miofuncional** está dirixida a aquelas persoas con dificultades na musculatura orofacial e na súa funcionalidade que repercute na vida diaria da persoa.

A **terapia vocal** está dirixida a aquelas persoas con alteración nas calidades da voz, ben sexa o timbre, o tono, a tonalidade, o volume, etc.

A **terapia cognitiva** céntrase no deterioro das funcións, traballando para optimizar a memoria a corto e a longo prazo, así como os diferentes tipos de atención (selectiva, sostida, dividida).

En 2025, o servizo de logopedia tivo **77** persoas usuarias que foron atendidas por dúas profesionais do servizo.

EDUCACIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL

En 2025 foron 27 as persoas beneficiadas das actividades de dinamización e dos seguintes **obradoiros grupais:**

- Cociña, en colaboración co servizo de terapia ocupacional e dietética e nutrición.
- Risoterapia
- Estimulación cognitiva
- Manexo de teléfonos móbiles
- Iniciación ao ordenador
- Obradoiros de creatividade con resina, creación de velas, xabóns e elaboracións de decoracións de Nadal.



SAÍDAS

Considéranse de gran importancia para a integración social as saídas. Con finalidades lúdicas, culturais e de divulgación. Algunhas das realizadas este ano:

- **Casa Grande de Xanceda**.
- Exposición ***Orixes*** na Cidade da Cultura
- **Centros de día** de Rois, Castiñeiriño e á Residencia Fundación Amancio Ortega.
- **Xornadas sobre párkinson** en A Coruña.
- Visita ao **CiMUS**, Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da USC.

DIETÉTICA E NUTRICIÓN

No servizo de Dietética e Nutrición foron atendidas **54** persoas en 2025.

O servizo de Dietética e Nutrición ten un enfoque principalmente educativo. Para iso, danse consellos e información nutricional aos pacientes co principal obxectivo de proporcionar ensino e información que capacite ás persoas para tomar decisións máis saudables en canto á súa alimentación e hábitos de vida.

Nas consultas fíxose unha valoración nutricional de cada paciente co obxectivo de coñecer o seu estado de saúde para poder abordar os temas principais de forma individualizada. Tamén se tomaron as medidas antropométricas do paciente (talla, peso e perímetros corporais) e fíxose unha valoración do consumo de alimentos mediante unha entrevista persoal ou a través dun cuestionario. Ademais fíxose seguemento periodico do paciente para ver e avaliar a súa evolución.

O servizo tamén promove a realización de **charlas e obradoiros** de interese como de etiquetado de alimentos ou de suplementación.

TRABALLO SOCIAL

No servizo de Traballo Social foron atendidas 303 persoas.

Este é o primeiro contacto para a persoa enferma, coidadora ou familiar. Ofrece información de recursos sociais e sobre os distintos servizos e actividades existentes en cada momento no centro, así coma do seu funcionamento, atendendo aos problemas, necesidades e demandas das persoas usuarias. As intervencións sociais realizadas centráronse principalmente nas seguintes áreas: adhesión e entrevista de valoración inicial, prestacións socioeconómicas, programas, servizos, axudas, exencións, seguimento e outras.

ASESORAMENTO E ASISTENCIA XURÍDICA

En 2025 foron 75 as persoas que foron asistidas xudicialmente ou recibiron asesoramento xurídico.

O servizo traballa na defensa dos dereitos das persoas afectadas, asesorándoas en temas de discapacidade e incapacidade e acompañándoas nas vistas xudiciais.

TERAPIAS GRUPAIS

TERAPIA DE VOZ

Ao longo do ano 2025, a logopeda levou a cabo unha terapia grupal de voz para traballar a memoria, a voz e a impostación dunha meneira motivadora e divertida.

O grupo representou unha obra de teatro para adultos en galego.

SEMINARIOS

SEGURIDADE NO MANEXO DAS TRANSFERENCIAS

Impartido dende o servizo de fisioterapia e dirixido a persoas usuarias e coidadoras principais das mesmas. O obxectivo deste seminario foi dar pautas xerais sobre a execución e seguridade na realización das transferencias, tanto de forma autónoma como coa axuda dunha terceira persoa.

PARTICIPACIÓN EN ESTUDOS CLÍNICOS

ACEM participou en 2025 no estudo **In Vi Park** sobre o **Uso da Realidade Virtual Inmersiva e exercicio terapéutico como terapia complementaria na enfermidade de Parkinson.**

Tras recibir a formación no uso das tecnoloxías de Realidade Virtual Inmersiva para a súa aplicación en párkinson, implementamos as sesións de exercicio virtual.

Un ensaio clínico multicéntrico promovido polo **Dr. Pablo Campo Prieto**, fisioterapeuta, docente e investigador, experto en terapias con realidade virtual e membro do Grupo HealthyFit do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur - Universidade de Vigo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

PILATES



Actividade dirixida a manter o benestar físico e mental. Con exercicios de movemento para fortalecer e equilibrar o corpo e a mente.

Dúas sesións por semana.
Participantes: 16.

GOLF ADAPTADO

En virtude do convenio co Real Aeroclub de Santiago e grazas á colaboración da Federación Galega de Golf, unha vez por semana persoas socias afectadas de esclerose múltiple e párkinson levan a cabo esta actividade adaptada a persoas con discapacidade. Obxectivos: fomentar o desenvolvemento físico, potenciar a autonomía persoal e facilitar a interacción social. Participantes: 8.

REHABILIT-ARTE: Segunda edición

Grazas á **Fundación La Caixa** a través da convocatoria a Proxectos sociais Galicia 2025 e da **I Beca Solidaria Oral Group**, ACEM puido comezar a desenvolver en 2025 a segunda edición do proxecto **Rehabilit-Arte** que busca mellorar a calidade de vida das persoas afectadas a través da arte, a través da súa participación en distintos obradoiros de disciplinas artísticas e a posterior presentación en sociedade das obras cunha exposición.

OBRADOIRO DE TEATRO

Dentro do proxecto, dende o mes de novembro o cómico, director e actor Fran Rei está a levar a cabo un **Obradoiro de Teatro en ACEM**, no que as persoas participantes achéganse as artes escénicas dunha forma lúdica e cunha metodoloxía amena e participativa; traballando o movemento, a palabra, a improvisación, o xogo dramático, a creación colectiva e a representación.

ACTIVIDADE DIVULGATIVA

PÁRKINSON RURAL

Grazas á Federación Española de Párkinson ACEM puido acollerse ao programa "Parkinson Rural" que busca achegar información e intervención sociosanitaria a concellos do rural. Durante o mes de abril estivemos en **O Pino** e en **Brión** dando **charlas sobre a enfermidade de Párkinson** e sobre os coidados necesarios.

CHARLAS SOBRE NUTRICIÓN

Dentro do servizo de dietética e nutrición realizáronse diversas charlas sobre:
Mitos e verdades na alimentación, alimentación saudable e etiquetado de alimentos.

SUPLEMENTACIÓN

Grazas á colaboración de Atica Pharma, realizamos no centro unha charla sobre suplementación para advertir e aconsellar sobre o seu consumo. Impartida pola licenciada en Farmacia Lucía Terzi.

Participamos:

CONGRESO SINUG

Na actividade adicada aos pacientes dentro do "XVIII Congreso SINUG de Urología Funcional y Uroginecología" que organiza a Sociedad Iberoamericana de Neuro-Urología y Uro- Ginecología.

REUNIÓN ANUAL DA GUGA

Participamos na Reunión Anual da GUGA -Grupo de Urodinamia de Galicia- para aportar o punto de vista dos pacientes en relación ao servizo de Uroloxía que receben na sanidade pública.

FORMACIÓN ACIS

Participamos na formación en enfermidades neurodexenerativas para o persoal sanitario da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde.

FORO ACCESIBILIDADE

Concello de Santiago

PREMIOS

I BECA SOLIDARIA ORAL GROUP CLÍNICAS DENTALES

A entidade foi a seleccionada de entre os 34 proxectos presentados, resultando gañadora co seu proxecto "Rehabilit-Arte" e recibindo unha doazón de 3.000 euros para levalo a cabo.

PREMIO DEREITOS HUMANOS DO ICA

Outorgado polo Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

I PREMIO SOLIDARIO CENOR ELECTRODOMÉSTICOS

O proxecto da Unidade de disfaxia recibiu o primeiro premio e unha dotación de 6.000 euros para a súa implementación.

EVENTOS

30 ANIVERSARIO ACEM

ABASTOS SOLIDARIO

No mes de setembro ACEM quixo festexar o seu aniversario nas rúas de Compostela, e para iso escolleu a zona do mercado, onde programou o seu evento *Abastos Solidario:* con mercadiño, tapas e bebidas solidarias, títeres, música tradicional, dj, intervención mural e sorteos, nunha xornada que tivo unha grandisima acollida. Un evento que foi posible grazas á colaboración da Sociedade Cooperativa Mercado de Abastos, os establecementos da rúa das Ameas e o Concello de Santiago.

GALA-CEA 30 ANIVERSARIO

O 22 de novembro máis de 170 persoas arrouparon a ACEM na Gala-Cea solidaria con motivo dos seus 30 anos. Na mesma fíxose entrega dos **pins de prata** a administracións, entidades e persoas polo apoio na súa traxectoria.

ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN

I CARREIRA SOLIDARIA #RUTA091 EN SANTIAGO A FAVOR DE ACEM

21 DE XUÑO DE 2025

A comisaría de Policía Nacional en Santiago realizou por primeira vez na cidade a Ruta 091, unha carreira solidaria que foi en beneficio de ACEM.
Un evento que estivo arroupado por máis de 1.300 persoas e no que colaborou a entidade.

SANTIAGO EN VIVO

SHOWCOOKING SOLIDARIO A FAVOR DE ACEM

ACEM participou en xuño no evento Santiago en Vivo como beneficiaria do showcooking de Kike Piñeiro, e na mostra expobusiness da Alameda.

EXPOBUSINESS >

CAMPAÑAS

CAMINEMOS POR LA EM

No día Mundial da EM adherímonos á campaña de sensibilización CaminEMos de AEDEM-COCEMFE xunto coa entidade ADEM Collado Villalba.

12 COMERCIOS, 12 SENSIBILIDADES

Durante o mes de xuño o **Centro Deportivo Atmósfera Sport** de Santiago foi protagonista da campaña **12 Comercios, 12 sensibilidades** e elexiu ACEM como a entidade á que darlle visibilidade.

BAIXO O MESMO PARAUGAS

O 3 de decembro, con motivo do Día Internacional das persoas con discapacidade, concentrámonos na Praza do Obradoiro Baixo O Mesmo Paraugas xunto con outras entidades.



CAMPAÑA SOLIDARIA CON MUPOL

No mes de decembro a a Fundación Mupol da mutualidad da Policía Nacional, abriu unha campaña en colaboración coa comisaría de Policía Nacional de Santiago a favor de ACEM, que contemplará distintas acción en solidariedade con ACEM.

MESAS DE VISIBILIZACIÓN

DÍA MUNDIAL DO PÁRKINSON

11 de abril de 2025, no CHUS.



DÍA MUNDIAL DA EM

30 de maio de 2025
Praza Cervantes de Santiago

FEIRA DA SAÚDE E O BEN-ESTAR

26 de abril de 2025
Bertamiráns (Ames).

DÍA NACIONAL DA ESCLEROSE MÚLTIPLE

18 de decembro de 2025, no CHUS.

LOTERÍA DE NADAL

Como cada ano, recadamos fondos a través da Lotería de Nadal.

EVENTOS EN ACEM

ENTROIDO Febreiro

ACTIVIDADE BJ TRAINERS

Grazas á colaboración do ximnasio BJ Trainers & Co en maio tivemos no centro unha actividade deportiva con exercicios de forza. Un circuito ao aire libre co que pasamos unha mañá solleira moi entretida.

INTERCAMBIO DO EQUIPO COAS PERSOAS USUARIAS

Xuño

SAMAÍN

NADAL

A FAVOR DE ACEM

LIBRO “OFF ON: A MIÑA LOITA CONTRA O PÁRKINSON”

O 21 de febreiro presentouse o libro de Alfonso Ávila "OFF ON A miña loita contra o párkinson" a favor de ACEM en El Corte Inglés de Santiago.

ZUMBA SOLIDARIO NO PINO

O 22 de febreiro o concello de O Pino celebrou unha masterclass solidaria de zumba en beneficio da nosa entidade.

MERCADIÑO EN ABASTOS

Comercios da rúa das Ameas organizaron en xullo un mercadiño solidario para ACEM, con roupa de segunda man, complementos e oportunidades.

FESTIVAL MUSICA N´ALDEA

En xullo participamos no Festival Música N´Aldea como entidade beneficiaria, cun stand e unha charla sobre alimentación.

FOLK NA BEIRA DO SAR

En xullo tamén estivemos no festival Folk na Beira do Sar, coa presentación do libro solidario “A miña loita contra o párkinson” de Alfonso Ávila.

COMIDA SOLIDARIA “LA JEFATURA”

No mes de decembro o restaurante- vinoteca La Jefatura de Avda. Figueroa, organizou unha comida solidaria en beneficio de ACEM.

BOMBÓNS COSTIÑA PISTACHO

Durante o mes de decembro ACEM tivo á venta os novos bombóns pistacho de Costiña, cuias unidades vendidas a través da entidade ían ao noso favor.

ACEM NOS MEDIOS

En 2025 ACEM rexistrou máis de 20 aparicións en medios de comunicación, grazas á cobertura de novas, reportaxes e entrevistas.

La Voz de Galicia

Hostelería y comercio de Santiago se en una campaña contra la esclerosis múltiple

MARGA MOSTEIRO
SANTIAGO / LA VOZ

SANDRA ALONSO

La rúa das Ameas y la Praza de Abastos albergarán el sábado un evento solidario con alta implicación de los dos sectores

ACEM NOS MEDIOS

ACTUALIDAD

Radio LIDER

‘Ruta 091’, más de 1200 corredores se suman a la carrera que empuja a ACEM a seguir adelante

La Ruta 091 ‘conquista’ el casc

Más de 1.300 corredores participaron en la carrera orga
beneficio de la Asociación Compostelana de Esclerosis M
E.L.A. y otras (ACEM)

Gracias por vuestro trabajo. Claro que corremos con vosotros / JESI

Música, ejercicio y solidaridad se combinaron a favor de la ACEM en O Pino

P.C.
SANTIAGO / LA VOZ

dar fondos para la asociación
ornada acabó con una

CARRERA SOLIDARIA RUTA091

La Policía Nacional entrega a ACEM un cheque por valor de 31.371 euros y bate récord de recaudación en España en 2025 de la carrera solidaria Ruta 091 celebrada el 21 de junio en Santiago

La Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple podrá sufragar la contratación de un profesional sanitario durante un año con la aportación de la prueba solidaria organizada por la Comisaría de la Policía Nacional en Santiago

Ramón Castro
Santiago de Compostela | 09.09.2025 18:47

REXISTROS

- Nº inscrición RUEPSS: E-897.
- Ministerio de Xustiza e Interior: Rexistro Nacional de Asociacións nº 146.065.
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Rexistro Central de Asociacións: 2004/007243-1.
- Rexistro Provincial de Asociacións do Goberno Civil de A Coruña nº .3.983 da Sección Primeira.
- Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago nº 612.
- Rexistro de Acción Voluntaria O-712.
- Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia: C-15-003912.
- Utilidade Pública dende o ano 2007.

FORMAMOS PARTE DE:

Federación Galega de Esclerose Múltiple

FEGADEM

COGAMI

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

AEDEM-COCEMFE

Asociación Española de Esclerosis Múltiple

PARKINSON

FEDERACIÓN ESPAÑOLA

COCEMFE

COLABORAMOS CON:

adELA

Asociación Española de Esclerosis Lateral Amiotrófica

agaela

Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica

Entidade declarada de UTILIDADE PÚBLICA

COLABORAN:

Deputación
DA CORUÑA

CONCELLO DE
SANTIAGO

XUNTA
DE GALICIA

Fundación
ONCE

Obra Social "la Caixa"

ATÓPANOS EN:

Rúa Queixume dos Pinos, 4, 15705, Santiago de Compostela

acem.santiago@gmail.com

981 575 240 / 620 533 471

ACEM - Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Párkinson, ELA e outras

@difusiónACEM

@acem.santiago

ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE
ESCLEROSE MÚLTIPLE
PÁRKINSON, ELA E OUTRAS

www.acemsantiago.org